



31 medidas urxentes para o persoal da Xunta de Galiza

Alegacións da CIG á Lei de medidas e Lei de orzamentos para 2026

Levamos máis dunha década de recortes e conxelación de dereitos, dos que moitos deles non se recuperaron. Nos novos tempos, os dereitos de conciliación, a mellora horaria, o dereito á mobilidade, o dereito á promoción profesional ou a garantía salarial, parecen cada vez máis asentados noutros ámbitos laborais e noutras administracións, máis non están en moitos casos garantidos para nós.

Recuperar eses dereitos perdidos, desenvolver os novos, e establecer un marco que os garanta, é algo fundamental para a CIG. De aí, que lles achegáramos aos grupos parlamentares as nosas alegacións a dúas leis que son de grande importancia para nós e que normalmente modifican outras normas que nos afectan enormemente. Hai moitas máis normas e regulamentos que deben mudarse, como por exemplo o relativo á carreira profesional e por iso as nosas pretensións non se esgotan aquí.

35 horas

A xornada ordinaria de traballo do persoal da Xunta terá unha media de 35 horas semanais, sen prexuízo das reducións horarias derivadas do horario de verán.

Aplicarase a todo o persoal sen prexuízo das adaptacións específicas que se establezan para determinados colectivos que fan quendas. As xornadas especiais experimentarán unha redución proporcional. Non poderá supoñer diminución retributiva nin incremento de carga de traballo individual.

Concurso permanente

A publicación das prazas vacantes realizarase semanalmente. A actualización dos méritos no expediente persoal farase cunha periodicidade máxima de tres meses. Na resolución aparecerán reflectidas as puntuación e os méritos desagregados de cada aspirante.

Comisións de servizo noutros corpos ou escalas

Noutro corpo ou escala do mesmo subgrupo ou dun superior ou inferior da administración xeral ou especial sempre que posúa a titulación requirida para o acceso á escala correspondente ao posto de traballo. En todo caso, outorgarase prioridade ao persoal funcionario de carreira que pertenza ao mesmo corpo ou escala do posto.





9 días de asuntos particulares

Na pasada década operou unha política de recortes Estas medidas recolléronse na Lei 1/2012 de medidas temporais. Se eran “*temporais*” hai que restaurar a situación anterior ao non existir xa a causa co que as xustificaron.

Complemento do soldo base e trienios das extras

Co obxecto de restablecer os dereitos retributivos minorados polos recortes dende o ano 2010 establecerase este complemento que consistirá na diferenza existente entre o importe actual do soldo base e trienios computables nas pagas extraordinarias e o importe íntegro que correspondería de aplicarse as mesmas contías que se perciben nas doce pagas ordinarias.

Complemento de antigüidade para a homologación dos trienios

A natureza do trienio consiste en retribuír a antigüidade e non está ligado a ningún outro factor. Para homologar as contías para todo o persoal compre crear un complemento de antigüidade que permita igualar progresivamente as contías dos trienios entre subgrupos, garantindo un recoñecemento xusto da permanencia no servizo público.

Promocións internas por concurso de méritos sen límite de prazas

A Xunta de Galiza realizará un proceso de promoción interna separada mediante concurso de méritos e sin que exista límite de prazas no caso de corpos xerais e de escalas que no subgrupo superior, exista outra da mesma familia de titulacións.

Se o posto da persoa que promociona está aberto ao corpo ou escala do subgrupo superior poderá permanecer nel. No caso de non estalo, procederase a abri-lo.

No caso de que as funcións do corpo ou escala ao que se promociona fosen notoriamente diferentes, a administración ofertará destinos en postos vacantes do corpo ou escala correspondente. No caso de non existir postos suficientes, a Administración da Xunta de Galiza deberá crealos.

Contactar e recibir información da CIG-Autonómica
<https://i.gal/localizacigautonomica>



<https://autonomica.cigadmon.gal>



Persoal de libre designación sen reserva de posto

Para os concursos e tomas de posesión que se realizaron no 2025 foi necesario crear postos en RPT ao non existir os suficientes. Moitos dos postos que poderían ter a consideración de vacantes (ao redor de 240, principalmente seccións) están reservados a subdirectores/as xerais en libre designación aos que lles conservan o posto de orixe. Os postos de libre designación deben a ter a condición de destino definitivo, quedando vacantes os postos de orixe.

Carreira profesional aberta, xusta, equilibrada e que restaure dereitos á quen llos negou

A carreira profesional ordinaria debe ser áxil, sen prazos limitantes, sen exclusións, que non afonde na fenda salarial e cunha avaliación do desempeño que se basee en criterios medibles e obxectivos. A extraordinaria ten que permitir o acceso a todos os graos, computar toda a antigüidade, non excluír a ningún persoal por non funcionarizarse ou ser temporal, sen tramos para cobrala. E o persoal ao que, cumprindo o resto dos requisitos, se lle denegou o acceso ao grao I no 2019 e posteriores, por ser interino, temporal, etc, ou por ser laboral fixo que non optou pola funcionarización, ten dereito a que se lle recoñeza o grao I dende o inicio a todos os efectos, administrativos e económicos, e a que se adecúen os outros graos que teña recoñecidos a esta nova situación.

Restituír o FAS, días de asuntos propios e dereitos do Convenio

A Lei 1/2012 de medidas temporais era por definición unha lei con carácter temporal. 13 anos despois non parece acaído manter os recortes desta lei como o do Fondo de Acción Social, a redución de 3 días de asuntos propios, ou os dereitos do persoal laboral do V Convenio, para o que pedimos a derogación de dita norma.

Permisos de nacemento, adopción, garda ou acollemento e proxenitor diferente da nai biolóxica

Ampliación de 22 a 25 semanas no permiso por nacemento para a nai biolóxica e no de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento. E ampliación a 38 semanas nos mesmos permisos no caso de familia monomarental e no caso do permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica. No caso do permiso parental para o coidado de fillo, filla ou menor acollido/a solicitamos que teña carácter retribuído tal e como se establece na normativa reguladora.

Encadramento de escalas nos subgrupos que fixa o EBEP por nivel de titulación

O EBEP dispón o encadramento dos corpos e escalas en función da titulación esixida. Isto está a ser incumprido pola Xunta, que se nega a encadrar ás escalas ás que se lle esixe o título de técnico superior no grupo B e o de técnico no C1, produto dunha funcionarización chapuceira. Ao mesmo tempo, a varias escalas que encadra correctamente no grupo B as mantén en suspensión no C1 a través de varias disposicións da LEPG.

Inclusión nas extras da nocturnidade, quendas, gardas e domingos e festivos

Unha recente sentenza do Tribunal Supremo establece que “Os complementos retributivos vinculados á prestación habitual de servizos en réxime de quendas, nocturnidade, gardas ou traballo en domingos e festivos teñen carácter ordinario e periódico, cando se desenvolven de xeito continuado dentro da xornada ordinaria de traballo,”. Isto implica incluír eses complementos nas pagas extraordinarias.

Supresión da limitación nas contratacións de persoal interino

A limitación da contratación de persoal foi introducida nun contexto de crise económica. Neste momento esta situación non se xustifica e condiciona a operatividade e calidade dos servizos públicos. De feito a Administración da Xunta de Galiza acude en demasiadas ocasións á contratación de servizos que podería estar a facer persoal propio, incluso funcións reservadas a funcionarios/as públicos.

... e 17 medidas máis que podes consultar aquí:

<https://i.gal/medidasparlamento2025>

